



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 2023000005803

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2023-ÁREA DE TEATRO E INTERPRETACIÓN ESCÉNICA

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia número 29037, do 21 de xullo de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023-Área de teatro e interpretación escénica, e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

No dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### RESOLVO:

**1.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** FABEIRO PARDAL, CATUXA

NIF\*\*\*4915\*\*

Expediente: 2023000021402

Obxecto da bolsa: *Perfeccionamento da técnica realista na interpretación, John Strasberg Studios, en Madrid e Nueva York*

Importe da bolsa: 10.000 €

**Titular da bolsa:** FUENTES RAMA, ZOE

NIF:\*\*\*0758\*\*

Expediente: 2023000020026

Obxecto da bolsa: *Terceiro curso de Interpretación en el Teatro de Texto na Real Escola Superior de Arte Dramático (Madrid).*

Importe da bolsa: 10.000 €

**2.- Dispor o gasto** das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación número 220230007635, por importe total de 20.000 €

**3.- Publicar** a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.